


DILEMA1: AS DÚAS CARTAS

A carta de Omar chega á túa casa o mesmo día có mail da Sorbona. O que nun primeiro momento pareceche unha feliz coincidencia, deseguido convértese nun insoluble dilema moral. O de ir facer Ciencias Políticas a París tras rematar o bacharelato, era xa case unha realidade: en casa estiveran meses facendo números, pois o negocio familiar non fora inmune ás últimas crises (a do 2008, a do Covid, a da guerra en Ucraína), pero finalmente os teus pais anunciáranche que si, que poderías irte, que se apertarían un pouco máis o cinto, que se trataba, no fin de contas, do teu futuro e que tan só había que esperar á *lettre d'admission* da Universidade da Sorbona.

A anhelada *lettre* chegou por fin, pero tamén a de Omar desde Tindouf, que o complica todo... Desde que tes uso de razón Omar formou parte da paisaxe sentimental da túa nenez. Só é tres anos menor ca ti e todos os veráns da túa infancia lémbrales con el ao teu lado, en casa dos teus pais ou no apartamento do sur. Eles levan participando en *Vacacións en paz*, o programa de acollida temporal de nenos saharauís en Canarias, practicamente toda a túa vida e con algúns deses nenos, como Omar, creouse un vínculo tan especial que o consideran todos como da familia.

Na carta, escrita por Omar e ditada polo seu pai, este pídelles aos teus pais un gran favor: unha acollida máis longa, non circunscrita aos meses de verán, senón durante todo o curso escolar, para que poida Omar estudar en Canarias o bacharelato. Nela describe Omar, ou o seu pai, canto se degradaron as condicións de vida no campo de refuxiados e como chega a contagotas a axuda internacional, que non alcanza para paliar a fame, a penuria enerxética e a violación dun puñado de dereitos humanos, entre os que se atopa tamén o dereito á educación.



Os teus pais non cho poñen fácil: xa case vas cumprir dezaeito, así que che toca a ti tamén tomar a decisión. A túa nai saca a calculadora e diche: “as

contas son claras: é Omar ou a Sorbona. Pénsao e dinos como o ves”. E iso fas, pensalo, pero indígnache ter que decidir ti. E non só iso indígnache. Indígnanche as condicións nas que levan vivindo Omar e o seu pobo desde hai décadas. Indígnache a blindaxe das fronteiras e a construción dunha nova Fortaleza Europa que administra os dereitos humanos do continente africano de maneira tan mesquiña. Indígnache que os poderes públicos poñan tan pouco da súa parte e que as solucións haxan de vir do sacrificio individual dos cidadáns que se sentan interpelados. Ti sénteste así, non podes deixar de responder a chamada de auxilio de Omar, pero, ao mesmo tempo, tampouco non queres renunciar a ese soño de estudar na Sorbona que levas construíndo dende hai anos. Indígnache ter que xustificarte: poñer sobre a mesa que a formación específica que ofrece esa universidade francesa proporcionarache un trampolín desde o que poder construír un mundo mellor e axudar, no futuro, a persoas coma Omar. Indígnache que a falta de xustiza global faga tan necesaria a túa solidariedade.

Pero a indignación é un sentimento e o que se espera de ti nestes momentos é que tomes unha decisión racional: debes dicirlles aos teus pais que dediquen os exiguos excedentes cos que contan a acoller a Omar durante un ano en casa, salvándoo da miseria en que se atopa ou debes pedirles que primeiro están os seus, é dicir ti, e que non poderías perdoarte renunciar ao teu proxecto académico e profesional á *française*?


<http://olimpiadafilosoficacanarias.blogspot.com/p/dilemas-morales.html>

DILEMA 2: TRAXEDIA NO MEDITERRÁNEO

Chámome Alexander Anders e teño 50 anos. Unha barcaza con 34 migrantes leva 36 horas á deriva no Mediterráneo central sen recibir ningún tipo de axuda a pesar de tela solicitada.

Eu son consciente de que as súas vidas están en perigo.

Xa pasaron 36 horas desde que alertamos por primeira vez ás autoridades da UE pero as 34 persoas aínda están no mar, Malta rexeitou o rescate, ao considerar que a



barcaza está en augas internacionais e na zona SAR (rescate e busca) de Libia. A ONG *Sea Watch* tamén denunciou que estas 34 persoas están a arriscar a súa vida no Mediterráneo e seguen pedindo axuda ás autoridades, pero estas non se moven...

Xunto á barcaza está o meu barco, o mercante *Berlin Express*.

"*Hai que esperar outra traxedia*"... estas palabras bombardéanme arreo... unha e mil veces dígame: outra traxedia e non fago nada... non fago nada!!!! Son o capitán do *Berlin Express* e non podo facer nada aínda que debería... son persoas!!

Debo desobedecer aos meus superiores e rescatalos ou seguir esperando ata un posible desenlace trágico?

Dilema elaborado a partir da noticia: <https://elcorreoweb.es/andalucia/una-barcaza-con-34-migrantes-espera-ayuda-desde-hace-36-horas-en-el-mediterraneo-FF7896007>

DILEMA 3: *TRABALLO ILEGAL*

Unha granxa en Europa utiliza traballadores migrantes para coller as súas grosellas, pagándoas moi por debaixo do salario legal. Os traballadores sábeno, pero seguen traballando, xa que necesitan o diñeiro que gañan para enviaren unha boa parte del ás súas familias, sen a cal estas non terían abondo para comer. Un día un transeúnte increpa ao terratenente explotador e ameázao con denunciálo á policía. Daquela este explica que se o salario se rexe pola lei só tería para pagar a metade dos traballadores e a outra metade quedaría na rúa..



O propietario debe ser denunciado á policía? Que é o mellor para os emigrantes?


Fonte: <https://www.ejemplos.co/dilemas-morales/#ixzz7mRJfZHNj>

DILEMA 4: ALFÁNDEGAS INTERIORES

Nunca souben sobrepoñerme á sensación de irrealidade e arbitrariedade que me acomete cando estou a atravesar calquera fronteira, mesmo sendo consciente das inxustizas e do sangue inocente que adoito as irriga e mantén visibles. Sempre me pareceron as fronteiras coma os límites dun horizonte elástico a través do cal se diversifica avanzando polo planeta un mesmo mundo humano. E isto pásame no só coas fronteiras entre estados, tamén me sucede cando visito determinados barrios da miña cidade ou entro en determinados locais, por exemplo

Por todo o cal quedeime unha vez máis pensativa cando xunto ás miñas curmás, coas que estaba a pasar unhas vacacións en Melilla, cruzamos a alfándega de Marrocos para irmos de compras a Nador, xa que nesta poboación marroquí os produtos de artesanía adoitan ser moito máis baratos e variados. Percibíase no ambiente un certo cheiro estraño e na xente unha seriedade desacostumada, talvez, dixéronnos, pola traxedia que viña de ter lugar días antes ao asaltares unha multitude o valado fronteirizo que é porta de entrada á UE.

Malia que impresionadas polo suceso, non quixemos renunciar ao plan que nos levara alí. No fin de contas, nada podíamos facer nosoutras ao respecto. Cando case recuperáramos o ánimo festeiro propio das vacacións e volvíamos a Melilla, un rapaz subsahariano plantouse diante do noso automóbil e fíxonos acenos para que nos detivésemos. Suplicounos que o agachásemos no maleteiro do coche para pasar ao outro lado, que sendo nós españolas apenas non nos mirarían na fronteira. Díxonos que escapara de milagre da morte na súa última tentativa fallada de saltar o valado que o separaba de ter un futuro, e que se non o axudabamos, intentaríao deseguido ata o dar feito ou morrer no intento.



A nosa decisión non resultaba doada. Se nos pillaba a policía da fronteira, meteríamonos nun grave problema comprometendo os meus tíos. Mesmo poderíamos ser acusadas de tráfico humano!! Que farías ti?

DILEMA 5: PISO DE ESTUDANTES

Compartimos un piso de estudantes en Compostela. Pasámolo moi ben todas xuntas sempre que as clases, as prácticas e os exames nolo permiten, e, ás veces, tamén cando non o fan. Temos a grande sorte de levármonos todas moi ben.

Nunha ocasión, na que andabamos de carallada, coñecemos unha rapaza libanesa moi simpática que quería estudar medicina. Caeunos moi ben a todas. Confesounos que tiña solicitado o estatuto de refuxiada política, tanto polas súas ideas canto pola súa orientación sexual, pero que o trámite se demorara máis da conta e tiña sobre si xa unha orde de expulsión e repatriación. Pedíunos que a acollésemos clandestinamente ata ver se clarexaba a súa situación.



Reunímonos todas para tomar unha decisión. Que farías ti?

Nexos

DILEMA 6: DECISIÓN DIFÍCIL

Anichka e Brigo son dous voluntarios que traballan con solicitantes de asilo, os refuxiados e as persoas migrantes sen documentación suficiente. Anichka é ucraína e ten regularizada a súa residencia en España. Brigo é galego e está perdidamente namorado da súa compañeira de voluntariado.

Nestas aparece un nubeiro no horizonte. Chega ao refuxio Alexei, un soldado desertor ruso sobre o que pesa unha orde de busca e captura emitida polas autoridades militares rusas para a súa repatriación e xuízo en Rusia. A condición de militar de Alexei e o temor das autoridades españolas a represalias por parte do goberno ruso provoca a emisión dunha orde de expulsión.

Tanto Anichka coma Brigo ofrecen a Alexei todo o apoio que poden dentro da legalidade que deben respectar como parte do seu compromiso de voluntariado. Mesmo barallan ir máis alá a sabendas do risco certo de morte que corre Alexei no caso de ser extraditado.

Mais nesa situación acaece que entre Anichka e Alexei xorde un frechazo. Cando menos así o cre Brigo. Se Brigo



non axudase a Alexei para alén da legalidade, mataría (nunca peor dito) dou paxaros dun tiro: cumpriría, por unha banda, coa súa responsabilidade como cidadán e co seu compromiso de voluntariado e, por outra, eliminaría un rival real ou imaxinario do horizonte.

Que debe facer Brigo?

Nexos

DILEMA 7: MUNDIAL DE QATAR

Aldara e Telmo son irmáns. Ambos os dous son apaixonados seareiros do fútbol. Aldara practícao ademais. Xoga nun equipo de fútbol feminino semiprofesional e, ao parecer dos entendidos, ten un futuro moi prometedor. Ambos irmáns dispoñen duns cartos que veñen de herdar dun familiar recentemente falecido e están pensando en facer uso deles para asistir á final do mundial que se está a celebrar en Qatar.



Aldara teno moi claro. A ela faille unha grandísima ilusión asistir ao evento. Telmo non o ve tan claro.

Preocúpalle contribuír a branquear as prácticas antidemocráticas, homofóbicas e contrarias á igualdade e liberdade das mulleres que imperan nese estado de Asia meridional.

Que decisión tomarías ti?

Nexos